



PROPOSICIÓN PARA INCORPORAR SISTEMAS DE PROTECCIÓN PARA MOTORISTAS (SPM) NOS GARDARRAÍS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa á necesidade de incorporar sistema de protección para motoristas nos gardarraís e outras medidas para contribuir a mellorar a seguridade viaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dominio do coche privado na mobilidade urbana e metropolitana en Santiago implica consecuencias negativas para o medio ambiente (contaminación atmosférica e acústica), economía (custos de combustíbeis), aspectos sociais, sanitarios e na calidade de vida en xeral. Cómpre apostar por reverter esta tendencia con políticas que favorezan unha mobilidade alternativa e sustentábel na cidade, potenciando o transporte público, o uso da bicicleta e os itinerarios a pé. Nese modelo de mobilidade alternativa encáixase o uso da motocicleta, na medida en que contribúe a diminuír a conxestión de tránsito e, por tanto, a mellorar a calidade de vida.

Co fin de favorecer unha maior seguridade e comodidade no uso da motocicleta no ámbito urbano e rural, é necesario incorporar Sistemas de Protección para Motoristas (SPM) na rede viaria, tanto nos proxectos de nova construcción como na mellora e conservación dos xa existentes.

Dende os colectivos de motociclistas reclaman, ademais, unha batería de medidas de escaso custo económico pero que resultan moi efectivas para diminuír os potenciais sinistros que se puideran ocasionar.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Instalar Sistemas de Protección para Motoristas (SPM) en todas as barreiras metálicas de seguridade (gardarraís) existentes nas vías titularidade do Concello de Santiago de Compostela. Os SPM deben ser instalados en todos os gardarraís e non só nos termos máis perigosos, pois ás persoas motoristas se lles debe recoñecer o mesmo dereito á seguridade que ao resto de usuarias da vía e, máis ainda, para as protexer tendo en conta que son más vulnerábeis. Os SPM instalados deben contar coa certificación de seguridade recollida na UNE 135900-2008 e, a ser posibel, deben ser do máximo nivel de seguridade, é dicir, clase 70, nivel I. Isto farase nos viarios en que o Concello de Santiago ten competencias e responsabilidades directas, tanto nos proxectos de nova construcción como na mellora e conservación dos xa existentes de xeito progresivo. Igualmente, faise preciso negociar coas outras administracións para que instalen os SPM en todo o concello.

Usar pintura anti-deslizante nos pavimentos para garantir a seguridade. Substituí progresivamente toda a existente.